




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-filoloxia-clasica



Grao en Filoloxía Clásica



www.usc.gal



Filoloxía Clásica

O grao en Filoloxía Clásica está orientado ao coñecemento de todos os aspectos da Antigüidade Grecolatina, centrándose no estudo da lingua, a literatura e a cultura grega e latina, preservando desta forma a riqueza cultural da Época Clásica. Para conseguir estes obxectivos, o estudo e coñecemento dos textos clásicos é esencial, polo que esta titulación proporciona competencias neste ámbito, como o dominio do grego e do latín ou a comprensión, análise e comentario de textos clásicos.

Tipo Presencial

Área Artes e Humanidades

Centro Facultade de Filoloxía
Avda. de Castelao, s/n
15782 Santiago de Compostela
filoloxia.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-filoloxia-clasica

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 120 créditos obrigatorios, 24 créditos do módulo complementario, 24 créditos do módulo optativo e 12 créditos do traballo in de grao.

Mobilidade e prácticas

Queres vivir unha experiencia única e enriquecedora?

Terás a oportunidade de realizar mobilidades tanto nacionais (SICUE), como europeas (ERASMUS+) e extracomunitarias (con distintos convenios bilaterais). Poderás descubrir outras culturas e estilos de vida, outra xente e outros sistemas de ensino superior. Mellorarás o dominio de linguas estranxeiras, desenvolverás habilidades interculturais e incrementarás as posibilidades laborais e profesionais do teu futuro. Vivirás unha experiencia moi enriquecedora tanto a nivel académico como persoal.

Queres prepararte para o mundo laboral?

Se o desexas, poderás facer prácticas relacionadas co teu título en distintas empresas e entidades e conseguir 6 créditos optativos. As prácticas son unha oportunidade fantástica para poñer en práctica a túa aprendizaxe, experimentar novas realidades laborais, adquirir experiencia profesional e coñecer algo do mundo laboral mentres estudas. Cada ano, a Facultade publica dúas convocatorias cunha oferta moi ampla e variada.

Información complementaria

O núcleo da titulación está constituído polo Maior en Filoloxía Clásica, que está formado por 20 materias de 6 créditos agrupadas nos seguintes módulos:

- Textos gregos
- Textos latinos
- Lingüística grega
- Lingüística latina
- Literatura grega
- Literatura latina
- Historia de Grecia e Roma

Por outra parte, o Módulo de Formación Básica, ademais de homoxeneizar o nivel inicial de lingua grega e latina e de proporcionar unha formación básica nunha terceira lingua, está concibido para proporcionar os coñecementos e as ferramentas metodolóxicas necesarios para abordar, en xeral, o estudo das linguas e das literaturas.

Finalmente, a través dos Módulos Complementario e Optativo o estudiantado poderá adquirir unha formación de nivel básico ou medio en Arte e Pensamento Grecorromanos e Lingüística Indoeuropea, nunha segunda e mesmo nunha terceira lingua e a súa literatura, en Lingüística Xeral, en Teoría da Literatura ou en Filoloxía Románica, ou ben combinar a formación inicial nunha destas disciplinas coa profundización nos contidos estudados no Maior.

